



Asunto: Notificación de bases definitivas de concentración parcelaria Zona C. P: VAL DE CAMBA	PROPIETARIOS DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE VAL DE CAMBA (Rodeiro – Pontevedra)
--	---

Notificación das Bases Definitivas de concentración parcelaria da zona de VAL DE CAMBA (Rodeiro - Pontevedra)

Notifícolle que a Xunta Local da zona de VAL DE CAMBA, aprobou con data 26 de xuño de 2012 as Bases Definitivas. (**achégase copia do seu boletín individual da propiedade**).

Nos boletíns individuais da propiedade non figuran as parcelas incluídas no ámbito dos núcleos rurais de acordo co art. 72.4 da Lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

As mencionadas Bases Definitivas estarán expostas ó publico na casa do concello de Rodeiro e nos lugares de costume da zona durante o período de interposición de recursos de conformidade co que determina a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro.

Contra estas Bases, poderá interpoñer, por si mesmo ou por representación, recurso de alzada ante o Conselleiro do Medio Rural, dentro do prazo de trinta días hábiles contados dende o seguinte á recepción desta notificación (deberá achegar documentación acreditativa en que fundamenta os seus dereitos).

Os recursos poderanse presentar no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra,- sita na Avda Fernández Ladreda nº 43. 2º andar- no rexistro xeral da consellería do Medio Rural – sito no edificio administrativo de San Caetano, s/n, de Santiago de Compostela-, ou en calquera das dependencias ás que fai referencia o artigo 38. 4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/ 1999, do 13 de xaneiro.

Pontevedra, 18 de decembro de 2012

O xefe do Servizo
de Infraestruturas Agrarias.

Asdo.: Julián Alvira Siero.

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 18/12/2012 11:35:51

SAÍDA 178901 / RX 144273

